

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	5º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

Presentamos a Programación da asignatura de Relixión e Moral Católica. Esta Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Relixiosa e Moral Católica conta con unha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción nos entornos comunitarios de pertenza. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada a idade do alumno, ás esixencias

epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análie comparado dos contidos en diálogo coa cultura do noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.

- Real Decreto 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión se incluírán nesta etapa educativa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.

- DECRETO 155/2022, 15 de setembro, no que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Teremos en consideración que o currículo orientase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos -físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento. As finalidades pretendidas na regulación da Educación Infantil están implícitas na ensinanza da Relixión Católica:

1. A finalidade da Educ. Infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.

2. Na Educ. Infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de

control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que nenos e nenas elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

A ensinanza relixiosa contribúe á formación integral. Na escola desenvólense todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente.

O currículo da opción católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do medio e ás demandas didácticas do sistema educativo.

A área contempla o fenómeno relixioso nas distintas dimensións. A opción confesional católica achega a súa propia visión dende diferentes dimensións:

-A dimensión cultural e histórica está presente, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste senso, a Relixión católica deu froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo ensina a incidencia que o Cristianismo nos seus contidos doutrinais e nas súas formas culturais.

- A dimensión humanizadora constitúe un camiño para a personalidade integral; amosando ideas, valores e crenzas que permiten a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudalo a atopar as respostas que pode asumir como opción libre e persoal.

- A dimensión ético-moral explicita as esixencias morais que supón a mensaxe cristiá: unha determinada maneira de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de persoa, un núcleo referencial de ideas e de crenzas, e a proposta dunha escala de principios e de valores.

A ensinanza relixiosa pretende acercar ao neno e á nena as claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia na contorna, a que desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie na comunicación con Deus. A iniciación á formación relixiosa e moral fundamenta e motiva os valores e actitudes básicos, favorece os hábitos de comportamento, contribúe ás destrezas e habilidades. Para isto valemonos dos elementos cristiás presentes na contorna, imáxenes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible unha comprensión da experiencia relixiosa adecuada a esas idades.

Esta programación é para un centro situado na zona semiurbana do concello de Santiago de Compostela. Recibe alumnado dos arredores do centro educativo, das parroquias de Villestro e de Laraño, tamén da zona sur de Santiago e dos concellos limítrofes: Ames, Brión e Teo. O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 40 e o 50 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral. Neste nivel hai dous grupos/aula, asiste a clase de relixión un 50% do alumnado total. A clase impártese no mesmo edificio de educación infantil, nunha aula de desdobre. Unha sesión semanal, programadas seis unidades didácticas para desenrolar dúas en cada trimestre o longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1	1		1	1		1	
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.	1			1	1	1	1	1
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubriendo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.					1	1	1	1
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubriendo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.	1	1			1	1	1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1	1	1	1
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1	1	1	1	1	1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Creación, admiramos todo o que nos rodea.	Coidado do corpo e da Natureza	6	X		
2	O Advento e o Nadal, preparamos moi ledos unha gran festa	Prepararse para a chegada de Xesús.	8	X		
3	A familia o noso gran tesouro	As diferentes familias e a Sagrada Familia.	5		X	
4	A Semana Santa e a Pascua	a pascua de Xesús, unha gran festa	6		X	
5	As festas da relixión cristiá	celebración das festas cristiás, o noso día de festa: O Domingo.	5			X
6	María, a nosa nai	Todos temos unha nai especial, Maria.	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Creación, admiramos todo o que nos rodea.	6

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunha atcividades cotiás básicas.	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Identifica bos hábitos en diferentes lugares: natureza, elementos da Creación, casa, escola.	
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Expresa afectividade diante da Creación: persoas, prnatas, animais...	
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Mostra ambilidade ante diferentes situacións cos compañeiros.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	Presenta sentimentos de agradecemento e amabilidade ante as esceas dunha lámina ou fotografía.	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Mostra os seus sentimentos diante de fotografías que mostran diferentes actitudes e situacións da vida cotiá e do medio natural.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Diferencia elementos creados por Deus e feitos polas persoas.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Mostra admiración e respecto por todo o creado.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas aproveitando materiais de refugallo.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas ou visitas aun entorno natural.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Expresa gustos por determinadas celebracións e é capaz de expoñer pequenas oracións ou rimas de agradecemento.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	O Advento e o Nadal, preparamos moi ledos unha gran festa	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	E autónomo nos desprazamentos pola aula e na ubicación dos diferentes materiais e xogos.	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns do Advento e do Nadal	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Mostra respecto, alegría e compaixón cara as imaxes do belén.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflecten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Nadal.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co Advento e co Nadal (coroa de Advento, velas, belén, árbore...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disruta elaborando producións artísticas e manualidades do tempo de Nadal.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas e visionado de curtos.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Recoñece algunha panxoliña.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Dialoga sobre o Advento e Nadal e identifica imaxes desas festas.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o Nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A figura da Virxe María. - A oración de Xesús.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Calendario litúrxico e celebracións cristiás. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
3	A familia o noso gran tesouro	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Ten autonomía para coller o material axeitado e distribuílo entre os compañeiros.	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Identifica actitudes que favorecen o bo ambiente familiar e a Paz.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón na familia.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas, debuxos da familia.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer os membros da súa familia e da familia de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.

Contidos

- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.
- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
4	A Semana Santa e a Pascua	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Ten autonomía para ubicarse nos diferentes espazos da aula segundo a actividade a realizar.	TI
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Expresa afectividade na aula.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	Expresa sentimentos de agradecemento cara os compañeiros.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Identifica expresións e comportamentos de Xesús.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón .	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada coa Pascua (pintura, escultura, arquitectura...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas relacionadas coa Semana Santa e a Pascua.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breve oración.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Recoñece algunha rima da Pascua.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece algun dos días de celebracións de Pascua.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Entende que Xesús é o protagonista da festa da Pascua.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Distingue comportamentos bos en diferentes imaxes e fotos.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Fala con respecto das celebracións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A oración de Xesús.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.
- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
5	As festas da relixión cristiá	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para as actividades a levar a cabo dentro da aula	
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns das festas.	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Mostra interese pola celebración das festas.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Identifica comportamentos de Xesús.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Mostra respecto polas celebracións e recoñece actitudes positivas.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Distingue imaxes relixiosas nas festividades.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas, manualidades.	TI
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Nomea momentos e lugares de silencio.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Conta algunha experiencia propia relacionada coa celebración dalgunha festa ou sacramento.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Sabe algunha expresión e oración das festas cristiáns	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Recoñece en imaxes cales son as festas de Xesús e cales son populares.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Identifica diferentes festas e celebracións .	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.

Contidos

- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A oración de Xesús.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
6	María, a nosa nai	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Ten autonomía para desprazarse dentro do centro educativo.	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece imaxes da Virxe María en diferentes situacións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar a palabra Grazas para nosa nai.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece a importancia de axudar, colaborar e obedecer a nai para unha boa convivencia.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Procura o silencio durante a escoita dunha oración a Virxe María.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción, rima ou oración da Virxe.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de diferentes momentos da vida de María.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Nomea diferentes festas que teñen relación coa nai e coa Virxe.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar as festas da Virxe.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.

Contidos

- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.
- A vida cristiá en comunidade.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A oración de Xesús.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal.

Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bo trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria,

imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

Insertaremos historias e pasaxes da Biblia, narracións que se aproximen as idades dos nenos e nenas.

Os nenos e nenas son os protagonistas: partir da súa realidade persoal, familiar, social e cultural, espertar a curiosidade. A partires da experiencia propia, do seu corpo e da súa vida pretendemos que descubra a vida e a mensaxe de Xesús, e como esa vida e mensaxe nos amosan un camiño de felicidade e amor.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil e outros libros relixiosos.
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, rotuladores ,témperas, papeis de cores e de texturas diversas, cartolinas, palillos, depresores...)
Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura) fotografías.
Biblia Infantil e textos curtos de pasaxes bíblicos, libriños de alumnado (confeccionados por alumnos de outros cursos).
Xogos manipulativos e puzzles
Material de refugallo e elementos da natureza (follas, paus, flores, froitas e froitos...)
Material plastificado, manipulativo da mestra: Identitic, parellas de opostos, familiaro, completa imaxes, descubre pictogramas...
Fotografías do alumnado e do traballo de aula, saídas pola contorna e a diferentes espazos do colexio ns que se realizan actividades.
Pizarra de rotulador e interactiva
Cds de música, cantos de Nadal...
Carpetas de plástico tipo sobre tamaño folio e tamaño cuartilla.
Bits de imaxes relixiosas e de diferentes festas e celebracións.

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os libriños de outros alumnos son traballos feitos por alumnado de Primaria sobre personaxes ou historias bíblicas de sinxela comprensión, que as veces eles mesmos van lerlle o alumnado de Infantil, isto facilita o interese por ambas partes e actitude de escoita do alumnado de Infantil.

O material manipulativo plastificado, facilita unha mellor comprensión e axuda a unha boa adquisición das competencias básicas, a facilidade de poder unir pezas mediante velcro facilita a axuda e o desenrolo da actividade.

As fotografías das saídas sirven para a decoración do corcho, da unidade que se está traballando. Tamén para o traballo de fin de curso que sempre se envía as familias un resumo de todo o que se fixo na aula a modo de álbum fotográfico.

A maioría dos traballos son en pequenos grupos e de exposición en aula. En cada trimestre o alumnado elabora unha manualidade para a súa familia con motivo da unidade e festividade que se celebra: no primeiro trimestre relacionada co Nadal, no segundo trimestre coa Pascua e no terceiro trimestre coa Virxe María.

As carpetas utilízanse para gardar manualidades, pezas de puzzles , xogos manipulativos de tarxetas... así evitamos o deterioro dos materiais e a súa perda, así como tratamos de conseguir orde e limpeza no traballo diario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos. Xogos de lebras, pictogramas resumo, imaxes-palabra, fotos....unha sesión de exploración, diálogo, recordatorio do curso anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado. A boa relación entre iguais, a capacidade de pedir perdón e de perdoar, axuda, colaboración, empatía... a mellora en todo o proceso que cada día vai en progreso.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación. En Infantil podemos atopar alumnos de primeiros de ano e de finais cunha asimilación de conceptos, normas, autonomía ...moi diversa

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e

alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.
- Ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, os diferentes intereses e motivacións, co material manipulativo plastificado o alumno/a consegue reforzar ou ampliar o tratado na procura da consecución das competencias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Dereitos dos nenos.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Expresión e comprensión oral	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Todos os temas terán una presenza diacrónica ao longo do currículo. Adquisición de comportamentos para unha boa convivencia, valorar o coidado e amor da familia, respetar o que temos os demais e que nos respeten, valorar o non material, rexeitar actitudes consumistas, admirar a natureza, reciclar, reutilizar, ter actitudes solidarias, respecto polos dereitos humanos, coidado no uso da linguaxe....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Diferentes celebracións, festas, charlas, contacontos ó longo do curso escolar	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende os diferentes equipos, entidades, asociacións, familias....			

Observacións:

O alumnado participará nas diferentes actividades e festividades propostas polos diferentes equipos do centro. A asignatura queda aberta a charlas, visitas dentro e fóra da aula de persoas, entidades e organizacións que poidan aportar vivencias e experiencias acordes á programación do curso. Tamén a participación en saídas pola contorna do colexio, á aldea, exposicións, concursos, ...

Participaremos na celebración do Samaín (recolloendo froitos do outono, facendo un mural deste tempo) Nadal (colocaremos o belén, decoración de portas, escoita e canto de panxoliñas e tradicións galegas). Dereitos no Neno (elaboración de manualidades e de manifestos) Día escolar pola Paz (elaboración de manualidades, carteis, manifestos) Día da Poesía (poemas á nai e a Virxe Maria, decoración de poemas, confección de flores de papel) As actividades complementarias da asignatura axustanse aos cambios de tempo litúrxico, momentos nos que se farán diferentes tarefas que rompen o ritmo habitual da aula segundo o curso e o ciclo litúrxico: investigacións, manualidades, xogos didácticos...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vinculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.
Favorezo a autoestima do alumnado
Utilizo recursos e materiais variados, tendo en conta o gusto e interese do alumnado.
Participo activamente na realización da programación didáctica
Mostro disposición para atención das necesidades do centro, atencións ás familias.
Participo nos plans de formación do profesorado, na elaboración dos documentos de centro e nas celebracións e saídas programadas dentro e fóra do horario escolar.
Entrego en prazo os documentos requeridos polo centro.
Colaboro para un bo funcionamento dos equipos asumindo a coordinación dalgún.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade
- Atención e interese
- Material aconsellable e outro que non é funcional.
- Actividades aconsellables, beneficiosas e consideradas importantes para ter en conta noutros cursos e poder repetilas ou non.

9. Outros apartados